



NOME E APELIDOS		Número		EXAME A
-----------------	--	--------	--	---------

PROBLEMAS

- 1) Determina o que indican os aparatos de medida do seguinte circuito. O valor das resistencias está dado en ohmios (W) (2 puntos)



- 2) No circuito da figura $I_{R1} = 0,5A$; $I_{R2} = 0,25 A$; $I_T = 1A$. O valor da f.e.m. da pila é de $E = 10V$. Calcular : I_{R3} ; R_1 ; R_2 ; R_E e a potencia mínima da fonte de alimentación. (2 puntos)



- 3) As dúas rodas motrices dun coche de xoguete, están movidas por motores eléctricos de potencia 3 w cada un. Os motores aliméntanse dunha pila de 9 V. Determina a intensidade que absorbe cada motor , a intensidade total, a resistencia de cada motor e a resistencia equivalente do circuito.(2 puntos)
- 4) Pomos a carga-lo noso móbil que ten unha potencia de 5 w durante 3 horas, 10 veces ao mes. Calcula a enerxía consumida neste tempo, ademais do seu custo (1 Kw.h = 0,1 €).(1,5 puntos)

PREGUNTAS TIPO TEST (Cada pregunta ben suma 0,25. Dúas preguntas mal restan unha ben)
(Total puntos 2.5)

-
- 1) A magnitude que me indica a cantidade de electróns que circulan por unidade de tempo é:
- Amperio.
 - Vatio.
 - Voltio.
- 2) As magnitudes que interveñen na Lei de Ohm son:
- Potencia, tensión e resistencia (P,V,R).
 - Potencia , intensidade e tensión (P,I,V).
 - Intensidade, resistencia e tensión (I,R,V).
- 3) Un CV é unha medida de :
- Enerxía.
 - Resistencia.
 - Potencia.
- 4) Cal das seguintes non é unha medida de enerxía?
- kW/h
 - J
 - kWh
- 5) A resistencia equivalente de dúas ou máis en paralelo:
- É igual que o valor da resistencia de maior valor.
 - Sempre é menor que o valor de calquera das resistencias.
 - Sempre e maior que o valor de calquera das resistencias.
- 6) En calquera circuío eléctrico:
- A potencia absorbida sempre é maior que a cedida.
 - A potencia absorbida sempre é menor que a cedida.
 - A potencia absorbida sempre é igual que a cedida.
- 7) A medida do valor da caída de tensión:
- Mídese co voltímetro en serie co receptor a medir.
 - Mídese co amperímetro en serie co receptor a medir.
 - Mídese co voltímetro en paralelo co receptor a medir..
- 8) O valor da potencia subministrada por unha pila é:
- $P = E \cdot I$
 - $P = V \cdot R$
 - $P = R \cdot I$
- 9) Nun circuío serie :
- A caída de tensión é común a tódolos receptores.
 - A intensidade é común a tódolos receptores.
 - A caída de tensión e a intensidade son comúns a tódolos receptores.
- 10) Para unir pilas en serie:
- Unimos o polos positivos de cada pila
 - Unimos o polo positivo de unha, co negativo de outra.
 - Unimos os polos negativos de cada pila.